SNEP
Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia

Verbas claras

Boletín informativo nº 08 (28/01/2025) de SNEP de Galicia
604030807 snepdegalicia@gmail.com

ESCOLAS INFANTÍS

NON SE ASINA O CONVENIO

Onte, 27 de xaneiro de 2025, os sindicatos CCOO e UGT, rexeitaron a proposta patronal para o novo Convenio. Isto supón que non hai umha maioría sindical para que sexa asinado.

SNEP agradece a CCOO e a UGT esta decisión. A proposta era inasumible e así o refendaron coa súa postura negativa á firma.

Pero agora hai que moverse, hai que seguir na loita por un convenio digno, por un convenio xusto.

Agardamos que, en breve, todas as OOSS (CIG, CCOO, UGT, FEUSO, FSIE e SNEP) esteamos, xuntas, na defensa dos intereses das persoas traballadoras das escolas infantís de 0 a 3 anos. Todas as vías son explorables, non deberiamos descartar ninguna. As persoas traballadoras merecen apoio, traballo e xenerosidade nas discrepancias das OOSS; o importante, o único importante, son as persoas traballadoras, e os lexítimos intereses sindicais deberían ser aparcados. Esquencer posturas totalitarias e xenerosidade coas propostas de todas as organizacións é necesario para unha unión sindical maltratada durante os últimos tempos. E, certamente, as persoas traballadoras das escolas infantís non merecen que nos enleemos en pelexas inútiles.

SNEP consultará coa súa afiliación as propostas a plantexarlles ao resto das OOSS.

A disposición é boa e entre todas e todos temos que entendernos.

Ánimo, moito ánimo, a cada camiño pechado, outro camiño aberto.

POR UN CONVENIO DIGNO

POLO EMPREGO:

TRABALLO E DIGNIDADE